



## Índice

Limiar	7	<b>CAPÍTULO 5.</b> Da crise da restauración á II República	85
Iconas chave	11	Obradoiro de historia I. A crise da restauración	88
<b>CAPÍTULO 1.</b> A vida no fogar de Afonsoiño	13	Obradoiro de historia II. A ditadura de Primo de Rivera	91
A familia	17	Obradoiro de historia III. A proclamación da República	94
Alimentación	22	Obradoiro de historia IV. Elaboración dun traballo de investigación histórica: a crise do Estado liberal	98
Vestimenta	26	<b>CAPÍTULO 6.</b> Castelao no Museo de Pontevedra	101
<b>CAPÍTULO 2.</b> Afonsoiño non quere ir á escola	31	A súa pegada na creación do Museo	103
O mestre	36	A formación da colección	106
A lingua	40	Recursos didácticos	108
Absentismo escolar	44	<b>Bibliografía</b>	123
<b>CAPÍTULO 3.</b> Tempo de traballar	49	Documentación consultada	123
Traballar para o fogar	54	Sobre a historia da infancia	123
Traballar fóra da casa	58	Sobre Galicia e España nos albores do século XX	123
O espertar da conciencia	62	Sobre Castelao	124
<b>CAPÍTULO 4.</b> A Galicia de Afonsoiño	67	Sobre didáctica das ciencias sociais	124
O agro: foristas e foreiros	70	Sobre o Museo de Pontevedra	126
O mar: a pesca e a conserva	74	<b>enREDando</b>	126
Emigración	78	Ligazóns web	126
		Ferramentas TIC	128



# Traballar para o fogar

Xa viches o que traballo eu cando non vou á escola, pero é peor a miña irmá Sabela, que ademais de axudar a miña nai e a miña avoa nas tarefas da casa: limpar o cú "da que anda a ghalas", coidala cando a miña nai está nas viñas, limpar a casa, por o pote no lume para ter auga quente e facer as camas, ehríba, ten que ir unhas horas todos os días á casa de don Matías o Cubano a facerlle de criada, facendo o mesmo que na nosa casa. Por iso ela case nunca pode ir á escola, e inda así a avoa Manuela sempre lle está a dicir que "é lista como un allo"... e a min díme cousas como: "a ti aínda non che saíu o carozo do cu!".

Unha cousa que ela xa empezou a facer tamén é muxir á Cuca cando a miña nai non pode... É máis



grande o teto da vaca que a súa man, pero ela dálle un xeitiño..., e iso que leva cada rabazo da Cuca cando bate as moscas co rabo, ou a tira do banco cando partexa e eu riome dela. Xa che dixen que esta vaca parece filla dunha cabra porque

non para nin para muxila, nai que a pariu! Así é como a miña irmá Sabela vai traballando para o fogar...

## APUNTE HISTÓRICO:

O grupo familiar en Galicia necesitaba do traballo infantil, considerábase natural que os nenos traballasen no campo, no taller familiar ou no mar e, por tratarse polo xeral de traballos proporcionados ás súas forzas, semellaban aceptables e mesmo positivos para o seu crecemento.

O traballo dos nenos e nenas labregas semellaba un proceso natural, que principiaba aos poucos, conforme os cativos ían tendo forzas, compaxinando xogos con labores: recoller leña, manter o lume, regar os prados, levar o gando a pastar... Nas épocas de sementar e recoller todo o mundo traballaba e as nenas, ademais, ocupábanse das tarefas domésticas e de coidar ós máis cativos.

No ámbito urbano era moi común que os menores acompañasen os seus pais e nais nos seus traballos. Axudaban ao mesmo tempo que ían aprendendo o oficio. Tamén era nas cidades onde os nenos e nenas se iniciaban na mendicidade para poder levar a casa as poucas moedas que conseguían.



O traballo non asalariado dos menores na Galicia de finais do século XVIII a principios do XX.



Análise de distintos textos e imaxes para achegarse ao traballo desenvolto polos nenos na contextura familiar diferenciando entre axuda e explotación.

### Estampa 16



Galicia, 28/9/1924. -O RAPAZ QUE ESCAPOU DA ESCOLA PENSA QUE NON VOLVERÁ A ESCAPAR.

### Estampa 17



Galicia, 11/9/1924.

### Estampa 18



Galicia, 30/7/1922. -¿Qué me das e son teu mozo? -¿Eu? Eu douche unha labazada...

### Documento 19

Todas as nais no campo crían aos seus fillos [...] Cando asoman os dentes e o neno comeza a camiñar, xa se lle abandona ao seu propio esforzo; danlle de comer dúas ou tres veces durante o día, e déixano co can e as galiñas revolverse e manexarse segundo lle pareza, sempre descalzo, a non ser os domingos e na festa do pobo. Cando chega aos cinco anos, vai ao monte cos seus irmáns e acostúmase á vida ao aire libre; sofre sen alterarse o frío a o calor, queda acompañado do seu inseparable can, e se acaso dunha ovella, mentres os outros xuntan o rabaño cando o sol vai ocultarse. Pasados os primeiros cinco anos corre segura a súa vida, e o desenvolvemento continúa ao aire libre, comendo pouco e mal e vivindo entre riscos, sempre descalzo ou mal calzado coas clásicas zocas de madeira. Chegando aos sete anos, comeza a época do traballo, e pode dicirse que nenos e nenas dende esta idade gañan o que comen, e ás veces algo máis; porque, aínda tan pequenos, serven para os mesteres da casa, levan auga e leña, buscan as reses perdidas, e ás veces percorren sen temor algún grandes distancias; gardan a casa mentres os pais traballan no campo e, en fin, prestan o débil concurso das súas forzas para o sostemento da familia; as nenas case sempre na casa, os rapaces, por ser máis fortes no campo... Nesta idade preocupáanse os pais da instrución. Primeiro o cura da parroquia ensínalles a doutrina cristiá, e logo o mestre a ler e a escribir. Van á escola só no inverno, porque durante o verán son indispensables na casa: as rapazas poucas veces aprenden a ler e a escribir.

Rodríguez Mourela, José (1888). "Condición de los niños labradores en Galicia", en *Reformas sociales. Información oral e escrita publicada de 1889 a 1893*, Madrid, Centro de Publicacións do Ministerio de Traballo e Seguridade Social, 1985, Ed. facsimil.

### Testemuño 8

[...] Como mi padre tenía automóviles, alternando con la escuela nos hacía ayudarle a él. ¡Oh Dios mío! Cuánto aceite de motores me entró en la boca, y cuánta tierra en los ojos! Y aceite de motores, metido debajo de aquellos automóviles, de aquella época, para aflojar los tornillos del cárter o cualquier otra cosa que hubiera una reparación. Porque también era cosa de entonces que los padres pusieran a los hijos aun de muy pequeñitos a hacer los trabajos más pesados. ¡Vaya! Tenían obligación de hacer, para eso eran los hijos y ellos eran los padres. ¿salseiros? Mientras tanto temos unha altísima porcentaxe de analfabetos.

Fondo HISTORGA. Arquivo Histórico da Universidade de Santiago de Compostela (FH-AHUS), Antonio Arenosa, nado en Vigo no ano 1906, entrevista núm. 216.

### Documento 20

A muller precisa saber gañar a vida sin non fôr mais, pol-o menos tanto como o home [...] É necesario insinarlle a traballar, pra ser independente, a facelle comprender que non é necesario o casamento, nen ser morixa, pra ser feliz n'este mundo. Só pode adquirir a súa independencia por medio do traballo, e o día que as nosas mulleres podan gañar a vida independentemente, sin precisar de ningún, terá independencia de carater, e poderán casarse, ou non, sin ter medo a quedar solteiras, pois non precisan de un que as manteña...

González, C. (1927). "Pr os pais que tein fillas", en *A Nosa Terra*, 235, pp. 9-10.



Actividades



Reparamos na estampa

✎ Na estampa 16 Castelao amósanos un cativo que escapou da escola, por que di o artista que o rapaz está a pensar en que non vai volver á escola nunca máis?

✎ Da estampa 17 despréndese un forte sentimentalismo entre o neno e unha tenreira, cal cres que pode ser a intención de Castelao neste debuxo? Consideras que este deseño transmite algún tipo de valoración positiva ou negativa a respecto do traballo infantil ou cres que dá conta da normalidade desta situación naquel entón? Argumenta a túa resposta.

✎ Baixo o que aparenta ser na estampa 18 unha escena dócil de petición de noivado agóchase o significado que tiña o casamento dunha moza para o seu contorno familiar na Galicia deste momento. Explica coas túas palabras por que o rapaz considera que a nena debe darlle algo a cambio de ser o seu mozo e relaciona a túa explicación co documento 20.

Entrevemos no texto

✎ Segundo o documento 19, a que idades comezaban a traballar os menores do rural? Que tipo de tarefas se lles encargaban? Que diferenzas existían entre o traballo das nenas e dos nenos?

✎ Cales son as épocas do ano nas que máis traballo require o cultivo do campo en Galicia? Que tempo quedaría para que os nenos e nenas puidesen ir á escola? Por que no documento 19 se sinala especificamente que “as rapazas poucas veces aprenden a ler e a escribir”?

✎ No testemuño 8 Antonio Arenosa recorda como traballaba co pai na súa infancia. Paréceche que o traballo que facía no taller era axeitado para un neno? Por que? Como se xustifica no texto que tivese que facer ese traballo?

✎ Diferencia os seguintes termos apuntando unha definición para cada un: educación, traballo, axuda familiar, explotación.

Estampa 19

Estampa 20

Estampa 21



—Non señas a pedir máis a miña porta.  
—E pódó logo a ver cando vai vostede a pedir a miña.

Galicia, 6/2/1923. —Non veñas a pedir máis a miña porta. —Pois logo a ver cando vai vostede a pedir a miña.



Galicia, 23/1/1923. —Si me tocase a min a lotería compraba pan...



Galicia, 3/5/1924. —Es usted un sinvergüenza, un miserable, un canalla... ¡Una vergüenza de la sociedad!

Sabías que...?

En 1884 a Comisión de Reformas Sociais, no marco dunha investigación máis ampla para a “mellora ou benestar das clases obreiras”, pediu ao profesor José Rodríguez Mourelo un informe sobre as condicións de vida dos nenos labregos. A pesar do ton sentimentalista que percorre o texto e que lle resta rigor científico, supón un dos primeiros achegamentos á realidade do traballo infantil no agro, non só de Galicia senón de toda Europa.

Actividades



Reparamos na estampa

✎ Como é a roupa coa que están caracterizados os personaxes das estampas 19, 20 e 21? Que nos din das súas condicións de vida? Fíxate nas lendas, cres que as situacións representadas eran cotiás ou puntuais? Por que?

✎ Completa a frase da estampa 20: “Se me tocouse a min a lotería compraba...”.

✎ Por que lle berra ao cativo o home da estampa 21? Poderíamos considerar a mensaxe desta estampa anacrónica á luz dos nosos días?

✎ Castelao non debuxa nas estampas retratos individuais senón estereotipos. Apunta ao menos tres estereotipos que aparecen representados nas estampas de todo o apartado.

enREDando



Para aprofundar no tema dos traballos domésticos desenvoltos polos nenos propoñémoste que escoltes o seguinte *podcast* e que elabores un cuestionario en grupo a través da aplicación Socrative

<http://www.rtve.es/alacarta/audios/mundo-solidario/mundo-solidario-trabajo-infantil-mundo/363327>  
Buscar por: Explotación del niño de Los Andes

1

Escoita o *podcast* titulado “El trabajo infantil en el mundo”, do programa Mundo Solidario de Radio 5, no que se dialoga con Walter Alarcón, autor dun informe sobre o traballo infantil nunha pequena zona rural dos Andes.

2

Creas un cuestionario sobre o traballo infantil na contorna familiar mediante a aplicación Socrative, que podes descargar ou usar en rede en dúas versións: versión profesor e versión estudante.

Facede grupos de 5 alumnos. Cada grupo deberá rexistrarse na versión profesor, crear un aula, cuxo nome será a clave de entrada para o resto de compañeiros dende a versión Socrative estudante.

<http://www.socrative.com>




Só queda ver que grupo é o que máis respostas correctas ten e cal elaborou o cuestionario máis complexo. Podedes facer unha posta en común final valorando os resultados e o tipo de preguntas propostas por cada grupo.

Rematados os cuestionarios, cada grupo terá que responder ás preguntas do resto de equipos, para iso teredes que acceder a cada aula creada marcando o seu nome na versión Socrative Estudante.

Incorporede as vosas preguntas, logo de discutilas con todos os membros do grupo.

\*Nota: Podes elaborar varias tipoloxías de preguntas, ben tipo test ou de resposta libre.

A comezos do século XX foise creando unha opinión pública favorable cara a unha lexislación internacional a prol da infancia, un lento proceso que xermina na Declaración dos dereitos do neno, proclamada por unanimidade na Asemblea Xeral de Nacións Unidas o 20 de novembro de 1959.



Actividade resolta



A consideración cambiante da infancia e os dereitos asociados a ela.



Traballo con distintos documentos para desenvolver a capacidade de relación entre formulacións teóricas e mecanismos de aplicación á realidade.

### Documento 1

[...] 1.- que as persoas maiores comprendían aos nenos polo feito de seren nenos; 2.- que o neno necesitaba soamente o exercicio físico que se facía no fogar; 3.- que os trazos e inclinacións eran herdadas polo neno e ningunha educación podía cambialos; 4.- que a educación do neno comezaba o día no que ía á escola [...] 7.- que o respecto aos pais debía ser inculcado con temor; 8.- que as trasnadas e desobediencias eran mal intencionadas; 9.- que as obrigas eran suficiente razón para que o neno se portase ben; 10.- que debía obedecer cegamente a seus pais sen admitir peros nin razóns; 11.- que economizar vara era botar a perder á criatura; 12.- que a vontade do neno debía ser cultivada; 13.- que os nenos debían ser coidados, non escoitados; 14.- que as preguntas que facía un neno a seus pais non significaban nada e que nada se perdía se non se atendían; 15.- que o neno aínda non posuía razón.

Revista de alumnos do colexio para orfos *El Huerfanito*, 149, decembro de 1931, p. 17.

### Documento 2

[...] O neno chegou a converterse nun personaxe que se estuda; parece que é un ser novo, o representante dun mundo inexplorado en derredor do cal se exercitan a ciencia e a fantasía. Os psicólogos, os pedagogos, os filólogos, os médicos, os filósofos, os poetas, os novelistas e os críticos, dedicáronse a observar a natureza infantil "como cousa completamente nova que non se considerara ata agora a non ser para combatela" [...] Por unha parte algúns creron encontrar no estudo experimental dos nenos unha proba convincente da inutilidade da doutrina espiritual. A alma humana, chegaron a dicir, non existe, é un mito.

"El siglo XX, siglo del niño", *El despertar gallego*. Órgano mensual de la federación de sociedades gallegas agrarias y culturales en la República Argentina, 20/11/1927, p. 1.

## Actividades



### Entrevemos no texto

Os documentos 1 e 2 proporcionan información sobre a percepción da infancia a comezos do século XX. A súa comparación permitiríanos percibir o cambio que está a xermolar neste momento a respecto da nenez. A que se refire o autor da noticia do documento 2 cando afirma que a natureza infantil se observa como "cousa completamente nova que non se considerara ata agora a non ser para combatela"? Relaciona a túa resposta coas afirmacións 12, 13, 14 e 15 do documento 1.

O documento 1 recolle un listado de ideas que os adultos tiñan sobre a nenez. Cales destas afirmacións che chaman máis a atención? Por que? Cales consideras que están máis afastadas da percepción sobre a infancia que existe hoxe en día? Cres que algunha desas ideas se mantén na actualidade?

Argumenta en favor ou en contra das frases 4, 9 e 10 do documento 1.

A noticia do documento 2 leva por título "El siglo XX, siglo del niño", que razóns se expoñen no texto para que o século XX reciba tal sobrenome? Coñeces outras causas que puidesen motivalo?



Ambos os textos amosan como a noción de infancia é cambiante no tempo. Podes afondar nas principais transformacións sobre a percepción da nenez ao longo da historia visitando esta ligazón:

[http://pendientedemigracion.ucm.es/info/psicoevo/Profes/IleanaEnesco/Desarrollo/La\\_infancia\\_en\\_la\\_historia.pdf](http://pendientedemigracion.ucm.es/info/psicoevo/Profes/IleanaEnesco/Desarrollo/La_infancia_en_la_historia.pdf)





 **enREDando**

**No testemuño 3 Avelino Pousa Antelo proporcionanos información sobre algúns dos membros da súa familia, le con atención e realiza as seguintes actividades.**

**1**

Cos datos que aparecen no testemuño 3 elabora unha pequena árbore xenealóxica, axudándote da ferramenta interactiva de balde que che propoñemos na ligazón ou código QR.



<http://www.genoom.com>



**2**

Pescuda información sobre a túa familia e constrúe a árbore xenealóxica da túa rede familiar polo menos desde os teus avós.

**3**

Fai unha posta en común dos resultados na clase para analizar cos teus compañeiros e compañeiras as seguintes cuestións:

*\*Nota:* Recorda que con esta aplicación en liña podes engadir fotos á ficha de cada membro xunto coa data de nacemento, lugar de orixe, e incluso o alcume.

Cantos fillos e fillas tiveron teus avós paternos e/ou maternos? Cantos fillos tiveron teus pais?

A que cres que se debe a diferenza no número de fillos entre os teus pais e os teus avós?

Cal é o número medio de fillos por avós na túa clase? E o número medio de fillos por pais?

**4**

Analiza, compara e comenta as pirámides de idade de Galicia dos anos 1900 e 2005 visitando a ligazón do Portal Educativo do Instituto Galego de Estatística.

Que forma presenta cada pirámide? Para interpretar unha pirámide de poboación cómpre primeiro fixarse no perfil que se configura dende a base ao cume.



<http://www.ige.eu/estatico/educacion/Xeografia/Estructura/Actividade1.htm>



Busca información sobre a teoría da transición demográfica. Segundo esta, a que etapa ou réxime demográfico pertence cada unha das pirámides?

Realiza a pirámide de idades do teu concello e a continuación compara as tres pirámides anteriores e expón cal cres que é o reto poboacional

*\*Nota:* Na ligazón anterior podes consultar os datos de poboación do teu concello por sexo e grupos quinquenais de idade para o último ano dispoñible (2014), ademais dos pasos a seguir na súa confección.

En que grupos de idade se concentra a maior porcentaxe de poboación? E en cales a menor?

En que pirámide é máis semellante a proporción de homes e mulleres anciás? En cal se aprecia máis diferenzas entre ambos?

En cal observas unha esperanza de vida alta ou baixa? Dirías que se representa unha poboación nova ou avellentada?

 **Sabías que...?**

Durante o pasado século XX, e como consecuencia dos efectos da revolución demográfica que incidiron na redución das taxas de mortalidade, a poboación española e a galega experimentaron un crecemento considerable máis lento nas últimas décadas. No caso galego son apreciables algunhas diferenzas nas datas de cambio do réxime demográfico: ata 1900 a poboación galega presenta un crecemento débil, entre 1900-1950 pásase por unha etapa de crecemento continuado que leva aparelado un crecemento xeral da poboación que se interrompe a partir de 1950, cando a poboación galega experimenta un crecemento moi baixo, tendencia que continúa na actualidade, incluso cun crecemento negativo nalgunhas zonas.



Anderson, Ruth M. (1998): *Fotografías de Galicia, 1924-1926*, Santiago de Compostela, Centro Galego de Artes da Imaxe.



Albiscamos nos documentos

✎ Investiga e explica o significado destes termos referidos a prendas de roupa: almilla, monteira, cirolas, saia, zagóns, coroa, chambra, mantelo, dengue, manteleta. Identifica algúns destes elementos da indumentaria nos documentos 4 e 5.

✎ Describe a vestimenta dos rapaces: elementos que compoñen os traxes, calidade das teas, estado de conservación, complementos, etc.

✎ Logo de examinar a indumentaria que portan os cativos dos documentos 4 e 5, poderías deducir o grupo social ao que pertencen? Argumenta a túa resposta.



Actividade resolta

Con esta actividade propoñémosche descubrir unha parte do legado fotográfico de Ruth Mathilda Anderson e a súa valía como fonte para coñecer a vida cotiá da Galicia de comezos de século.

1

Procura información na web e elabora unha ficha biográfica de Ruth M. Anderson que inclúa os seguintes aspectos:

Data e lugar de nacemento e morte

Formación e estudos

Principais actividades ás que se dedicou

Feitos polos que destacou e papel desempeñado para o coñecemento da historia de Galicia







**Material Grupo 1: Para ler**



**Material Grupo 2: Para escribir**



**Material Grupo 3: Para calcular e medir**





**Ferramentas TIC**

DevInfo é unha potente base de datos de Unicef sobre indicadores de desenvolvemento humano que permite a visualización de datos concretos por temáticas e a realización de táboas, gráficas e mapas con eses resultados, exportando o resultado a ficheiros XLS, HTML ou PDF. Ligazón [http://www.devinfo.info/ci\\_info](http://www.devinfo.info/ci_info)

Ferramenta de pago, entre os 2.5 e 3 €, para Android e iOS que permite transformar o dispositivo móbil nunha versátil enciclopedia dixital, que ademais xera gravacións en vídeo e son nas presentacións de contidos que poden gardarse a modo de videotutoriais. Ligazón <http://explaineverything.com>

Ferramenta de balde e multiplataforma para elaborar árbores xenealóxicas sen necesidade de instalación e mediante un contorno sinxelo. Ligazón <http://www.genoom.com>

Ferramenta en liña, multiplataforma e de balde para xerar mapas conceptuais e esquemas, que podes personalizar incorporando imaxes e seleccionando diversas formas e cores. Ligazón <https://coggle.it>

Esta ferramenta multiplataforma de balde permite xerar contidos multimedia e realizar presentacións sincronizadas, cuestionarios, exercicios, e á vez monitorizar a aprendizaxe do alumnado, permitindo un traballo colaborativo en tempo real e sincronizado. Ligazón <https://www.nearpod.com>



**Ferramentas presentación de contidos**



**Ferramentas organización de contidos**




**socrative**

Multiplataforma e de balde, esta ferramenta permite realizar cuestionarios interactivos en tempo real con distintas opcións de presentación, posibilidade de integrar imaxes e visualizar os resultados obtidos polo alumnado en vistosas gráficas. Ligazón <http://www.socrative.com>

ExamTime é outra ferramenta en liña e multiplataforma para xerar mapas conceptuais e esquemas que se integra na plataforma de aprendizaxe GoConqr con múltiples recursos de balde para facilitar o estudo e preparar exames. Ligazón <https://www.examttime.com/es/>



**Ferramentas edición de vídeo e audio**



Ferramenta en liña e de balde, para xerar liñas de tempo situando feitos destacados sobre un eixe temporal, incluíndo un pequeno texto e imaxes. O resultado final pódese descargar en PDF. Ligazón <http://www.readwritethink.org/files/resources/interactives/timeline-2/>

Sinxelo gravador de voz de balde e en liña que permite gravar o son do micro sen necesidade de instalación. O audio resultante pódese recortar e gardar en formato .mp3. Ligazón <https://online-voice-recorder.com/es/>

Movie Maker é o programa de edición de vídeo predeterminado por Windows co que os usuarios poden crear películas mediante un simple arrastrar e soltar. Este programa ten funcións que che permiten engadir efectos de vídeo, transicións de vídeo, títulos, créditos, pistas de audio ou narración da liña de tempo.

Este programa de Apple vén instalado por defecto en todos os Mac. iMovie permite facer unha edición de calidade utilizando os controis básicos de corte, transicións, títulos, efectos de cor, etc. dun xeito simple e intuitivo, e ademais podes levar a cabo proxectos non só no ordenador, senón tamén nun iPad ou nun iPhone.



Aínda que non é o editor de vídeo máis completo, o feito de que sexa de balde, en liña, multiplataforma e que estea integrado en Youtube, son grandes vantaxes, ás que se lle suma unha interface moi intuitiva que permite facer operacións básicas como: corrixir a imaxe, modificar brillo e contraste, aplicar filtros e incluír título. Ligazón <https://www.youtube.com/editor>

# LA POBLACIÓN

A que cras que se debe a diferenza no número de fillos entre os teus pais e os teus avós?

Antes as mulleres sempre tiñan fillos porque os homes querían telos pero agora as mulleres son as que elixen se queren telos ou non.

Cantos fillos e fillos tiveron teus avós paternos e/ou maternos?

Cantos fillos tiveron teus pais?

Avós Pais  
8 fillos entre os dous 3 fillos

## Piramides de poboación

1900



As pirámides deste tipo presentan base ampla, o que representa a unha poboación nova con altas taxas de natalidade, o que parece indicar tamén un rápido crecemento da poboación.

A xente nova vai poder axudar a vella.


A pirámide de 1900 si que ten forma de pirámide porque onde hai máis poboación e na xente nova e onde hai menos poboación e na xente vella.

Na pirámide de 1900 a maior parte da poboación está na xente xuven que está situada na parte de abaixo da pirámide. A menor parte da poboación está na parte de arriba da pirámide que é a xente vella.

Na pirámide de 1900 a proporción de homes e mulleres anciás é máis semellante ca a pirámide de 2005 que ten máis diferenza.

Na pirámide de 1900 a esperanza de vida é baixa. Representa una poboación nova porque a xente non chegaba a tanta idade.

2005



Este tipo de pirámides teñen a base e a zona central practicamente do mesmo tamaño, o que indica que hai un número de persoas aproximadamente igual nos grupos de idade nova e adulta.

Non vai haber tanta xente nova como para manter a vella.

A pirámide de 2005 non ten forma de pirámide porque onde está a maior parte da poboación está ao medio.

Na pirámide de 2005 a maior parte da poboación está ao medio que é a xente de media idade. A menor parte da poboación está na xente adulta que se localiza arriba da pirámide.



Na pirámide de 2005 a esperanza de vida é alta. Representa una poboación bella porque a xente chega a máis de 85 anos e non nacen tantos nenos.

## Pirámide de Bueu



A pirámide de Bueu no 2014 é moi parecida a da de 2005 de España.

## A nenez galega a través dos anteollos de CASTELAO





# A nenez galega a través dos anteollos de CASTELAO

## Traballo por Proxectos

A introdución nos currículos das **competencias básicas** implica no traballo de aula unha nova maneira de definir as metodoloxías, incorporando estratexias **activas** e **contextualizadas** que repousen en estruturas de aprendizaxe cooperativo. Unha proposta exercitiva nesta liña é o **traballo por proxectos** que, a través da resolución conxunta das tarefas axuda ao alumnado a organizar o seu pensamento, favorecendo neles a reflexión, a crítica, a elaboración de hipóteses e a tarefa investigadora, a través dun proceso en que cada un asume a responsabilidade da súa aprendizaxe, aplicando os seus coñecementos e habilidades a proxectos reais. Esta aprendizaxe orientada á acción debe favorecerse co uso e potenciación dunha ampla variedade de materiais e recursos que van desde as fontes clásicas á integración das **tecnoloxías da información** e a **comunicación**. Ambas estratexias, as interactivas e o traballo cooperativo, artéllanse na unidade de traballo *A nenez galega a través dos anteollos de Castelao*, sobre a cal propoñemos unha serie de pautas para traballar por proxectos. Cada un destes proxectos correspóndense cun dos capítulos da unidade a traballar, e a través dos cales aprenderás a:



### Fase de preparación


### Guión



Que imos facer? I mos a pescudar sobre a **historia da infancia** e a **historia de Galicia** a comezos do século XX, a través de diversas fontes, entre elas, as estampas de nenos de **Castelao** como unha fonte histórica fundamental.

Como o imos a facer? O profesor fará catro grupos de sete alumn@s os que lle asignará ao azar un **proxecto de traballo** e un **obradoiro de historia**. Cada proxecto de traballo correspóndese cos **catro primeiros capítulos** da unidade - pág. 13 á 84- e os obradoiros de historia sitúanse no capítulo cinco - pág. 85 a 98-.

As tarefas distribúense deste xeito:





# OBRADOIROS DE HISTORIA

DA CRISE DA RESTAURACIÓN Á II REPÚBLICA

## EVOLUCIÓN POLÍTICA. INTRODUCCIÓN DA CRISE DA RESTAURACIÓN Á II REPÚBLICA (1902-1931)

O período histórico da Galicia de Afonsoño transita entre a dialéctica de progreso e reacción, de retroceso e avance modernizador propia do albor do século; decurso histórico que percorre o reinado de Afonso XIII con tres grandes singraduras marcadas pola alternancia de distintos sistemas políticos: a crise do liberalismo moderado do réxime da restauración, a ditadura de Primo de Rivera e a esperanza democrática da II República.

A restauración da monarquía en 1875 no marco dun Estado liberal iniciou unha nova etapa política cunha longa vixencia na historia contemporánea de España. No cambio de século e, sobre todo, nos anos vinte, tras a I guerra mundial, a monarquía da restauración (1875-1923) entrou en crise como consecuencia das contradicións do Estado liberal. Estas contradicións, que identificaremos no primeiro obradoiro de historia, concentráronse en múltiples problemas de fondo e manifestáronse en diversas circunstancias de crise. Ante esta situación intentáronse varias solucións a través da instauración de réximes diferentes: o establecemento dunha ditadura dirixida polo xeneral Primo de Rivera tras o golpe de estado de 1923, ao cal nos achegaremos no segundo obradoiro de historia, e a proclamación da II República en 1931, sobre a que traballaremos no último obradoiro, que mediante o establecemento dunha democracia pretendía poñer fin á crise política.



**INTRODUCCIÓN**  
Da crise da restauración á II República

**OBRADOIRO DE HISTORIA I.**  
A crise da restauración

**OBRADOIRO DE HISTORIA II.**  
A ditadura de Primo de Rivera

**OBRADOIRO DE HISTORIA III.**  
A proclamación da II República

**OBRADOIRO DE HISTORIA IV.**  
Elaboración dun traballo de investigación histórica: a crise do Estado liberal



A evolución política nos albores do século XX marcada pola crise do Estado liberal, a solución autoritaria da ditadura de Primo de Rivera e a solución democrática da II República.



Localización en tempo e espazo de procesos e acontecementos a través da elaboración dun eixe cronolóxico.

### Actividades



Identifica e data os acontecementos históricos recollidos nas seguintes portadas de xornais.



Organiza a información resultante nunha liña de tempo mediante a ferramenta en liña de balde da ligazón ou código QR.



<http://www.readwritethink.org/files/resources/interactives/timeline/2/>

\*Nota: Esta aplicación permítete ordear cronoloxicamente os acontecementos incorporando imaxes e descargar o resultado final nun PDF.



## Material



Folga xeral

Fin guerra de Marrocos

Semana Tráxica

Exilio de Afonso XIII

Derrota Annual

Proclamación da II República

Cae Primo de Rivera

Afonso XIII inicia reinado

Golpe de estado Primo de Rivera



# OBRADOIRO DE HISTORIA I

DA CRISE DA RESTAURACIÓN Á II REPÚBLICA

## EVOLUCIÓN POLÍTICA A CRISE DA RESTAURACIÓN

O panorama político das primeiras décadas do século XX está marcado pola crise do sistema liberal da restauración, xa que se ben na teoría foi avanzando cara á ampliación do sufraxio e da democracia, na realidade viuse lastrado polo falseamento electoral e polo dominio político dunha poderosa aristocracia económica.

O réxime da restauración asentábase na alternancia entre os dous partidos dinásticos —conservador e liberal— no Goberno, este turnismo descansaba no amaño do sistema electoral, coa selección dos deputados mediante o procedemento do "encadramento" e o pucherazo electoral a través dos

caciques que intercambiaban votos por favores; sufraxios que puñan a disposición das grandes figuras políticas do momento, que á súa vez, velaban polos intereses das clases acomodadas.

O pacto entre as elites, que constituía a columna vertebral do réxime, prescindía da participación cidadá nun período de transición en Europa de sistemas políticos liberais a democráticos. Isto facía que os políticos profesionais españois e as institucións liberais que os abeiraban quedaran asociados ao fraude electoral e ao aproveitamento particularista dos bens públicos.

Foi precisamente a contradición entre unha sociedade dinámica

e as limitacións do sistema da restauración onde xermolaron en gran medida os problemas políticos da España do século XX. Estas contradicións se manifestarán en diferentes problemas de fondo: problemas políticos e sociais, ideolóxicos e de articulación política do territorio. Esta confluencia larvada estoura en determinadas conxunturas: a crise do 98, a insurrección da Semana Tráxica en 1909, a crise parlamentaria e militar de 1917 e a alta confluencia social entre 1917 e 1923 marcan diversos fitos no ocaso do sistema liberal.



As causas da crise do liberalismo.



Identificación e comprensión de factores de causalidade en procesos e cambios históricos, diferenciando entre causas conxunturais e causas profundas ou estruturais.

### Actividades



No ocaso do sistema liberal da restauración, Castelao colaboraba no xornal *Galicia. Diario de Vigo* realizando viñetas humorísticas de carácter político-social. Estas conformaban un novo espazo de opinión que se engadía ás columnas deste xénero, a través das cales analizábase a actualidade política e social. En moitos destes debuxos o rianxeiro pronunciábase sobre as contradicións que xera a crise do Estado liberal.

1. Entre as seguintes estampas, selecciona aquelas que fan referencia ás contradicións que encerraba o sistema liberal e que afloraban en conxunturas de crise.
2. Argumenta a túa elección pescudando información sobre a causa ou problemática da descomposición do sistema da restauración á que apunta cada viñeta e clasifícaa en causas profundas ou estruturais e causas conxunturais.
3. Coa túa selección de estampas, elabora un cadro de contidos a modo de esquema sobre a crise da restauración.




Amplía a túa información sobre a crise da restauración a través desta ligazón:



[http://iris.cnice.mec.es/kairos/ensenanzas/bachillerato/espana/alfonsoXIII\\_00.html](http://iris.cnice.mec.es/kairos/ensenanzas/bachillerato/espana/alfonsoXIII_00.html)

Estampa 35



Galicia, 7/4/1923. -Imos xogar as eleccións. Vos facedes de civiles y-eu fago de presidente da mesa e mándovos que non deixades votar a ningún.

Estampa 37




Galicia, 5/7/1923. -Matáronme o fillo en Marrocos e non sei porque hay guerra. -Políticos hay que che saberán responder.

Estampa 39



Galicia, 21/3/1923. -Yo digo que los caciques no son representantes del Gobierno: el Gobierno es el representante de los caciques.

Estampa 36



Galicia, 12/1/1923. -¿Porqué choras miña menita? -Porque dín que se acaba o mundo.

Estampa 38



Galicia, 4/5/1923. -E PRA QUE SON OS DEPUTADOS? -EU NON-O SEI, MEU FILLO.

Estampa 40




Galicia, 29/1/1923. -Eu penso vendel-o voto e con iso xa non m'o rouban.

## Material





Estampa 41




Galicia, 3/5/1923. —YO REPRESENTO LA VOLUNTAD NACIONAL...

Estampa 42



Galicia, 6/1/1924. —A ti no te pusieron nada los Reyes porque tu papa es republicano, ¿sabes?



Estampa 43



Galicia, 11/4/1923. —Non son ferramentas; son armas que se venden para asesinar.

Actividade resolta

coggle  
made for free at coggle.it




Ten como referencia o exemplo proposto e recorda que podes utilizar a app de balde Coggle para a realización do cadro de contidos.

<https://coggle.it>



coggle  
made for free at coggle.it





CAPÍTULO 5

# OBRADOIRO DE HISTORIA II

DA CRISE DA RESTAURACIÓN Á II REPÚBLICA

## EVOLUCIÓN POLÍTICA A DITADURA DE PRIMO DE RIVERA

No contexto de crise política e social de inicios dos anos vinte, o 13 de setembro de 1923 o xeneral Miguel Primo de Rivera pronunciouse contra a legalidade constitucional, declarou o estado de guerra e dirixiuse a Alfonso XIII para lle esixir que o poder pasase a mans dos militares, nun intento de solución autoritaria á crise do Estado liberal.

Inda que Primo de Rivera manifestase o carácter provisional do novo réxime, a ditadura terá unha longa duración cunha clara intención de perpetuarse no poder, o que producirá unha crecente e activa oposición. O réxime, ben con Gobernos exclusivamente militares ou coa participación de civís, cimentarase nas limitacións

de dereitos e liberdades e na suspensión das garantías constitucionais, á vez que se viu acompañado por dous grandes logros: a pacificación de Marrocos e unha situación económica na que, aproveitando a favorable conxuntura internacional, mellorou a renda dos españois cun novo impulso industrial. A partir de 1926, tras o intento de Primo de Rivera de institucionalizar o seu réxime, as críticas á ditadura aumentaron, provocando unha súbita reaparición da conflitividade e o artellamento dunha oposición dende diferentes sectores sociais e, debido á convivencia de Alfonso XIII coa ditadura, esta oposición será principalmente republicana.



As accións emprendidas por Primo de Rivera ante a crise política do sistema liberal.



Busca e selección de información en fontes diversas para a composición de xeito cooperativo da portada dun xornal que recolla un acontecemento destacado.

### Actividades



No traballo en grupo que vos propomos elaboraredes e maquetaredes a portada do xornal *Galicia. Diario de Vigo* do 14 de setembro de 1923, día posterior ao golpe de estado de Primo de Rivera e data que marca un cambio de rumbo na vida política española.

1. Antes de comezar, formade grupos de catro persoas, buscade información sobre o xornal *Galicia. Diario de Vigo* e repartídevos os roles de membros ou colaboradores da redacción.
2. Despois de establecer o reparto de roles no equipo, cada un de vós deberá facer unha pequena ficha biográfica sobre o seu persoeiro, destacando o(s) labor(es) asignado(s) na elaboración e maquetación da portada do xornal en función do seu cargo.



Informádevos do acontecido na data proposta. Esta ligazón ou o código QR permitiránvos ampliar a información.



[http://recursostic.educacion.es/kairos/web/enseanzas/bachillerato/espana/alfonsoXIII\\_04\\_00.html](http://recursostic.educacion.es/kairos/web/enseanzas/bachillerato/espana/alfonsoXIII_04_00.html)



### Material

#### Valentín Paz Andrade

director/edilior e coordinador do diario



#### Vicente Risco

escritor/ colaborador



#### Antón Villar Ponte

xornalista /redactor



#### Castelao

escritor/ colaborador gráfico



Entre o diverso material documental que vos propomos, cada membro do grupo deberá escoller de maneira razoada os dous elementos da portada do xornal asignados basándose no seu papel no equipo de redacción. Ten en conta que na portada deben recollerse os seguintes elementos: **cabeceira, lema, titular, editorial, fotografía, noticia principal, viñeta e dous artigos de actualidade.**



Por último, só queda maquetar a portada do xornal cos elementos seleccionados, para iso podeades utilizar calquera editor de texto, traballando a través de columnas ou ben, para un resultado máis profesional, podeades usar Scribus, un programa de software libre de maquetación de páxinas.

Podeades ter como referencia a organización da portada que se adxunta.

# GALICIA

DIARIO DE VIGO

A verdade sen censura



## INTRODUCCIÓN

A censura implacable impide coñecer a transcendencia do xesto de Primo de Rivera.



## OS REPUBLICANOS CONTRA O ESTADO

VICENTE RISCO

A paz interior de España foi agora turbada co estrépito dunha asonada militar, cuxo alcance no momento en que escribimos estas indecisas palabras non se pode predicir. Dun lado, a orixe da sedición, incubada baixo a frialdade dun casco; doutro, o impreciso coñecemento dos fins que coa revolta perséguese, acumulan dúbidas nos puntos da nosa pluma. Hai no pobo español un ansia viva de que o desastroso estado de cousas, agudizado polo vergoñento fracaso da acéfala concentración liberal, acabe canto antes. Está latente na maioría das consciencias o espírito da revolución.

## EDITORIAL

Os republicanos contra o Estado

Primo de Rivera reforza a súa defensa

O movemento en Galicia

Os republicanos exercen unha gran presión en Barcelona



Miguel Primo de Rivera, capitán xeral da 4ª Rexión

## PRIMO DE RIVERA REFORZA A SÚA DEFENSA

ANTÓN VILLAR PONTE

Españóis: chegou o momento máis temido que esperado de recoller as ansias, de atender o clamoroso requirimento de cantos amando á Patria non ven para ela outra salvación que liberala dos profesionais da política, dos que por unha ou outras razóns ofrécennos o cadro de desgrazas e inmoralidade que comezaron o ano 98 e ameazan a España cunha próxima fin tráxica e dolorosa (...).  
Imos pedir todas as responsabilidades e gobernar nós ou homes civís que representen a nosa moral e doutrina (...).

Este movemento é de homes: o que non sinta a masculinidade completamente caracterizada que espere nun recuncho sen perturbar, os días bos que para a Patria preparamos.

Españóis, viva España e viva o rei!

## O MOVEMENTO EN GALICIA

VALENTÍN PAZ ANDRADE

En Vigo exteriormente non tiveron eco os sucesos que se están desenvolvendo na capital de Cataluña e seica noutras cidades españolas tamén. A expectación e a ansiedade en coñecer noticias son a nota que a Vigo deron os acontecementos. Nos centros militares non se facilitou noticia algunha que teña relación cos sucesos. Só puido saberse que as forzas de Murcia e demais corpos da guarnición de Vigo están acurteladas dende a mañá.

## OS REPUBLICANOS EXERCEN UNHA GRAN PRESIÓN EN BARCELONA

VALENTÍN PAZ ANDRADE

O capitán xeral de Cataluña, na noite pasada, declarou por si o estado de querra naquela rexión. Incautouse das comunicacións e dirixiuse aos das outras rexións, invitándolles a secundar a súa actitude, para explicar a cal deu á publicidade un manifesto ao país, anunciando que o Exército pide ao rei, para salvar a patria, a destitución dos actuais ministros e dos políticos da gobernación do Estado.





# OBRADOIRO DE HISTORIA III

DA CRISE DA RESTAURACIÓN Á II REPÚBLICA

## EVOLUCIÓN POLÍTICA A PROCLAMACIÓN DA REPÚBLICA

O destino político da monarquía quedara indeleblemente unido á ditadura de Primo de Rivera, cando esta se afunde preténdese relanzar o sistema de partidos dinástico da restauración nun intento de normalizar a vida política e de salvar a monarquía. Este proceso de normalización pasaba pola convocatoria dunhas eleccións municipais para o 12 de abril que se converteron nun verdadeiro plebiscito sobre o réxime.

O 14 de abril de 1931 proclamábase pacificamente a II República despois de que os resultados das eleccións municipais mostrasen o descrédito da monarquía.

Ese mesmo día o rei, Alfonso XIII, exiliábase e con iso poñíase fin á restauración iniciándose a primeira experiencia democrática da nosa historia.

A II República representou un intento de modernización social, política e cultural necesario para superar a crise do sistema liberal da restauración. O réxime republicano promoveu ambiciosas reformas para resolver as contradicións e vellos problemas que arrastraba a sociedade española dende finais do século XIX; a secularización do Estado e a educación a non inxerencia do Exército e a Igrexa nas decisións

do Estado, a reforma agraria, a modernización económica, a descentralización do poder a través dunha nova organización territorial e unha renovación democrática das institucións. Mais estes intentos de reforma xeraron unha gran oposición conservadora que desembocará nun golpe de estado que rematou nunha guerra civil. A derrota da II República supuxo o desmantelamento de toda a obra republicana e a instauración dunha ditadura, a ditadura do xeneral Franco, cunha longa duración. Non será ate despois de corenta anos cando volva recuperarse o sistema democrático.



A proclamación da II República e as diversas posturas ideolóxicas sobre este acontecemento.



Tratamento e uso crítico de información a través de diversas fontes xornalísticas que recollen un mesmo acontecemento dende posicións ideolóxicas diverxentes.

### Actividades



A prensa é unha das fontes históricas esenciais que nos permiten coñecer e analizar as principais preocupacións e intereses das sociedades do pasado, expresadas coa linguaxe da época e dende as distintas correntes de opinión dos seus contemporáneos.

- O traballo que vos propomos é extraer e comparar as informacións ofrecidas por diversos xornais sobre o feito da proclamación da II República entre o 12 e o 16 de abril de 1931, coa finalidade de advertir e contrastar as distintas visións sobre este acontecemento segundo a posición ideolóxica de cada xornal.
- Para usar correctamente a prensa como fonte histórica temos que considerar que os textos xornalísticos non son obxectivos, co que a súa contextualización é fundamental.



Para ampliar información sobre a proclamación da II República visualiza a seguinte ligazón ou código QR.



[http://recursosite.educacion.es/aires/web/ensenanza/eso/contemporanea/sigloxx\\_00.html](http://recursosite.educacion.es/aires/web/ensenanza/eso/contemporanea/sigloxx_00.html)

¡Viva la República española!

(Dibujo de Rivero Gil.)



Busca información dos diarios propostos como materiais de traballo nas ligazóns ou códigos QR de ambos os arquivos dixitais e realiza unha pequena ficha de cada xornal que inclúa: título, subtítulo, lugar de publicación, periodicidade, comezo e cesamento da publicación e orientación ideolóxica.



Analiza a información que aporta cada xornal proposto nos materiais de traballo sobre a proclamación da II República:

- Analiza o tratamento que cada xornal fai do acontecemento tendo en conta a vertente ideolóxica á que representa a súa liña editorial.
- Contrasta as diferenzas de opinión e tratamento da noticia que se producen entre os diversos xornais e fai unha síntese coas conclusións.
- Indaga sobre as distintas posicións ideolóxicas que advertiches nos distintos xornais e intenta esculcar se estas cambiaron, se se diluíron no transcurso da República ou se ben se acrecentaron ata provocar unha maior confrontación.



## Material



A consulta da prensa histórica na actualidade viuse facilitada pola súa dixitalización e difusión a través de Internet.

Dous dos arquivos de prensa histórica dixitalizada máis relevantes son: a **Biblioteca Virtual de Prensa Histórica**, do Ministerio de Cultura, e **Galiciana**, a Biblioteca Dixital de Galicia.



## Material



O EXÉRCITO, UNIDO E DISCIPLINA-DO ANTE A REALIDADE ESPAÑOLA Os institutos armados, nestes graves e decisivos momentos, dándose de conta da tremenda responsabilidades que sobre eles pesaría de non decatarse exactamente do que significa a súa actitude para a tranquilidade e o porvir de España, mantéñense cunha grande serenidade, firmes na súa disciplina, unidos espiritualmente na aceptación das obrigacións que lles impón a súa alteza de miras e o seu patriotismo. Antes as incertezas do momento, hai unha certeza consoladora: que o Exército está unido e, exaltado por sucesos recentes, rende culto aos preceptos contidos nas ordenanzas militares (...).

O Exército é a base do edificio, e o país pode confiar así nos días futuros en que o edificio non se derrubará porque nesa base non hai actualmente greta ningunha.

*La Correspondencia Militar,*  
15 de abril de 1931.



A tremenda lección... Pódese asegurar que por primeira vez o pobo español exerceu o dereito constitucional do sufraxio, que por primeira vez tivo efectividade en case toda España esta conquista da democracia (...).

Non poderán alegar os que viñeron negando sistemáticamente que en España existía unha formidable opinión republicana que houbo abstencións nesta manifestación do sentimento do país. As cifras demostran de maneira indubidable que nestas eleccións votou a totalidade do censo.

Ten, ademais, o resultado destas eleccións outra significación tan clara coma sorprendente. Demostraron que, en rexións tradicionalmente dominadas de sempre por unha forza caciquil que se cría invencible, se esperta cun vigor insospitado unha conciencia dos dereitos e virtudes cidadáns, un anhelo de reivindicación, unha ansia de dignificarse e liberarse...

*Heraldo de Madrid,*  
13 de abril de 1931.

# La libertad

Señores viaxeiros, ao tren!

Día histórico! Haberemos de remontarnos un século para encontrar unha páxina que fira tan profundamente a nosa sensibilidade coma a escrita o dominio pola democracia española (...). O pobo, serenamente, conscientemente, con toda dignidade, sen nerviosismos nas rúas, nin barullo, cunha orden inigualada pola democracia dos países máis progresivos, dixo o que quere.

Quere elevar a súa xerarquía ante o mundo; quere arroxar as muletas oligárquicas; quere varrer caciques, taifas, mesnadeiros, ladróns, farsantes e traficantes de relixión (...); quere ser libre. Democracia, cidadanía!

Esta dixo España que é o que quere, en forma categórica, rotunda, inconteste, asoballante, manifestándoo, en primeiro termo, a que vén chamándose capital da monarquía, cando en realidade era capital da República (...). Os tempos adoitan cambiarse, pía e xenerosamente; a forca polo ferrocarril. Digamos, pois, con aquel gran periodista Ginard de la Rosa, en outra ocasión solemne para España: "Señores viaxeiros, ao tren!"...

*La libertad,* 15 de abril de 1931.



DEPOIS DO VEREDICTO NACIONAL A REPÚBLICA CON TODOS E PARA TODOS

España está dando ao mundo unha lección de cidadanía exemplar e de capacidade extraordinaria para rexerse por si mesma dentro das normas democráticas. Nunca, en ningún momento, produciuse en Europa un cambio de réxime con tranquilidade, a orde e o xúbilo nacional con que neste instante se realiza o tránsito da monarquía á República (...). O sectarismo e a reacción equivocáronse. Viron que non son catro gatos os que pedían a transformación do Estado, o derrocamiento da monarquía, óbice das ansiedades populares que hoxe axitan a España. A República afortunadamente vino sen violencia, sen esta vontade non hai cidadán, non hai español que poida opoñer o menor reparo ou obstáculo (...).

A República debe ser e será con todos e para todos.

*La Zarpa,* 16 de abril de 1931.



A NOSA ACTITUDE

Hoxe, coma onte, e coma sempre (...) Tamén dixemos onte e repetimos hoxe que este triunfo dos elementos revolucionarios é desgraciadamente, dolorosamente, unha confirmación de canto nós vimos dicindo dende hai medio século. Non se nos quixo escoitar (...). Está o xerme revolucionario nos principios liberais que informan o texto constitucional e as institucións do Estado (...). O que ocorre agora é que as masas disciplinadas, envelenadas do liberalismo, sacan das premisas do liberalismo teórico as últimas consecuencias prácticas, e a revolución floreceu na rúa (...). E aínda que os que nos consideran figuras do museo sigan a rexeitarnos do seu lado e apartándose á súa vez do noso e nos desoian; aínda que fose certo que clamamos no deserto a nosa voz seguirá resoando dende estas columnas, repetindo o mesmo para advertir a todos: aí tendes o froito revolucionario cuxa semente sementastes! Fagades o que fagades, mentres a semente do liberalismo maldito caia nas intelixencias e encha o solo da patria, a colleita será collida de revolución, de caos, de anarquía e de morte.

*El Siglo Futuro,*  
14 de abril de 1931.



O CUMPRIMENTO DA VONTADE NACIONAL

Os sucesos avanzaron a unha velocidade vertixinosa; xa é un feito o que fai poucas horas era aínda unha esperanza con moitas probabilidades de realidade, pero esperanza ao fin: a República española sucedeu á monarquía, e un réxime, completamente novo para España —porque non debe parecerse nada ao de 1873—, vai establecer as normas de goberno que inda non coñecen os españois, e que anhelamos vivamente non lles decepcionen (...). Pedimos sempre respecto para as institucións e non vamos cambiar de ética porque non sexamos republicanos; a institución que se inaugura hoxe terá de nosa parte todo o acatamento que rendemos á que xa non existe (...). O noso temor (temor san e ambicioso de venturas para España) non se disipará ata que vexamos consolidade o réxime; a responsabilidade dos homes que van poñerse á fronte do país comeza agora; quen lles poña impedimentos na súa xestión será un mal español; isto non entorpece a crítica serana encamiñada sempre cara ao ben xeral e aos altos intereses que lles están confiados pola decisión do pobo.

*El imparcial,* 15 de abril de 1931.

## Material



# La proclamación de la República en Zaragoza y Valencia



## OBRAIDOIRO III

EVOLUCIÓN POLÍTICA  
A proclamación da República

EN ZARAGOZA. La calle del Coso sirve de cauce a una inmensa riada humana, sobre la que flotan al viento las banderas de la República y se alzan los retratos de Galán e de García Hernández, devados como reliquia por el pueblo.

Fot. Martín



Xornal diario publicado en Madrid dende o 25 de febreiro de 1897 ata o 30 de xullo de 1932. Tiña, por un lado, un carácter corporativista militar e, polo outro, político.

Este periódico tiña unha ideoloxía conservadora como se pode observar no texto en frases como: "O Exército e a base do edificio", o cal baséase en reforzar o exército español.

PÁXINA 2



Diario publicado en Madrid entre o 29 de outubro de 1895 e o 27 de marzo de 1939 de ideoloxía liberal. Evolucionou ata situarse como republicano de esquerdas durante a segunda república.

Foi un dos diarios con maior circulación en España. Este artigo fala sobre a primeira vez que o pobo español consegue o dereito constitucional do sufraxio e apoia a idea de que en España existen numerables opinións a favor da república.

PÁXINA 3

## La Libertad

Periódico español, concretamente de Madrid, de ton progresista, obrerista, socialista, moi popular, ameno e de fácil lectura que foi fundado en 1919.

Tiña unha ideoloxía liberal, como se pode apreciar no texto no cal nombrase seguido a democracia e faise unha protesta contra as persoas corruptas de España. Como referencia ao texto pódese ter en conta a frase "¡Democracia, cidadanía!"

PÁXINA 4



A Zarpa era un diario dos agrarios galegos: (Periódicos e revistas). Publicábase en Ourense entre 1921 e 1936, o seu fundador foi Basilio Álvarez.


Este periódico ten unha ideoloxía republicana. A súa mentalidade progresista e reivindicadora reflectíase na seguinte frase: "a República debe ser e será con todos e para todos."



Diario católico fundado o 19 de marzo de 1875, cunha ideoloxía ultraconservadora e integrista vinculada ao carlismo e ao integrismo. A súa sede estaba en Madrid.

As súas publicacións remataron o 18 de xullo de 1936.

PÁXINA 6



Diario liberal, fundado en Madrid o 16 de marzo de 1856 por don Eduardo Gasset e Artime, ata 1935.

Era un periódico moi influente en España no último tercio do século IX e principios do XX.

A súa ideoloxía liberal deste periódico reflectíase na frase: "Xa é un feito o que fai poucas horas era aínda unha esperanza con moitas probabilidades de realidade."

PÁXINA 7




A nenez galega a través dos  
anteollos de CASTELAO



Diana Vilas Meis  
Óscar Rodríguez García  
Laura Carpenle Tielas  
Manuel Rodríguez Conde

Colabora: Gabinete didáctico do  
Museo de Pontevedra



IES ILLA DE ONS

CAROUSEL